



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Descrición Decreto: CONVOCATORIA E APROBACIÓN DE BASES PARA PROCESO DE SELECCIÓN BOLSA DE TRABAJO PEÓNS PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL- CONCELLOS)

DONA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a proposta xustificativa de bases de Alcaldía para o proceso selectivo referenciado de marzo de 2024.

Visto o expediente tramitado coa xustificación do proceso selectivo para a convocatoria e aprobación de bases que rexeran o mesmo contando co preceptivo informe de secretario intervención.

Considerando o marco normativo de aplicación en materia de función pública.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do rexime local en materia de persoal polo presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases, que se reproducen a continuación, que rexerán o proceso selectivo, por concurso oposición, para a formación dunha bolsa de traballo de persoal laboral temporal para realizar contratacións temporais como peóns do Plan de emprego local mediante a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia PEL- Concellos.

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN POR CONCURSO OPOSICIÓN PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABAJO PLAN DE EMPREGO LOCAL: PERSOAL LABORAL TEMPORAL COMO PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS.

1.- OBJECTO.

1.1. É obxecto das presentes bases:

- A regulación do procedemento de selección por concurso oposición para a formación da bolsa de traballo de persoal laboral temporal para nomeamentos e cobertura de prazas de peón para obras/servizos municipais.
Todo elo ao abeiro do Plan de Emprego Local da Deputación provincial da Coruña mediante a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia.
- Coa entrada en vigor da presente bolsa de traballo queda derogada de forma expresa a bolsa de traballo de persoal laboral temporal praza de peóns creada por decreto núm. 157/2023 de data 25/04/2023.

1.2. O procedemento regulado nestas bases rexeráse pola normativa básica estatal constituída polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada; a normativa autonómica de aplicación constituída pola a normativa autonómica de aplicación constituída pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ao servizo da Administración Autonómica de Galicia e Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e, supletoriamente, polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante e de aplicación.

2.- SUPOSTOS DE APLICACIÓN E DURACIÓN DA CONTRATACIÓN.

2.1. As prazas vacantes que poderán ser cubertas mediante un/unha candidato/a que formen parte da bolsa de traballo serán aquelas que se poidan dar cobertura mediante a modalidade contemplada na base 4.3. da convocatoria PEL- CONCELLOS: contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolles os códigos 405 cando a contratación sexa a tempo completo e 505 cando sexa a tempo parcial.

2.2. Terminada a situación que motivou o nomeamento, a persoa contratada para ocupar temporalmente a praza será cesada.

3.- NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DA PRAZA, RETRIBUCIÓN, FUNCIONS E XORNADA DE TRABALLO.

3.1. O vínculo co Concello de Boimorto das persoas obxecto de chamamento respecto bolsa de traballo resultante deste proceso selectivo, unha vez acordado o nomeamento e formalizado o contrato correspondente como empregado público, reunirá as seguintes características:

- Denominación-praza: Peóns para obras/servizos municipais.
- Réxime: Laboral temporal a xornada completa.
- Modalidade de contrato laboral temporal: A indicada na base 2.1.
- Nivel de titulación esixido: Certificado de escolaridade ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

3.2. **Retribucións das prazas:** O salario bruto de peóns para a xornada completa, paga extra aparte, será de 1.147,62 euros.

3.3. **Funcións da praza:**

Os traballos a realizar son os descritos na memoria presentada na solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña e, en xeral, todos aqueles traballos complementarios que lle sexan encomendados e sempre que estean incluídos no exercicio da súa profesión e preparación técnica.

3.4. **Xornada de traballo:** 37,5 horas semanais de luns a domingo cos descansos establecidos por lei de ser o contrato a xornada completa, ou a parte proporcional que se estableza en cada caso. As vacacións e o horario adaptaranse ás necesidades do servizo.

4.- REQUISITOS DAS E DOS ASPIRANTES.

Para ser admitido no procedemento que se regula nestas bases, os aspirantes deberán reunir, na data en que remate o prazo de presentación de instancias segundo a convocatoria do proceso, os seguintes requisitos:

1. Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

2. Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea. Tamén reunirán este requisito a ou o cónxuxe de española ou español ou de persoa nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores desa idade dependentes, e as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.

3. Segundo o disposto no punto 4.2. das bases do Plan de Emprego Local mediante a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia publicadas pola Deputación Provincial da Coruña no BOP núm. 206 do 27/10/2023 os seguintes:

A) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

B) Estar incluídos nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.

- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

4. Requisitos específicos de formación: Certificado de escolaridade ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentaren instancias.

5. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.

6. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

7. Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

8. Estar en posesión do certificado de lingua galega 2 (CELGA 2) ou equivalente.

No suposto de non posuír este certificado ou título equivalente o aspirante deberá superar a proba de coñecemento do idioma galego establecida na base 10.

5.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA, PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E DOCUMENTACIÓN.

5.1. A convocatoria e as presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Boimorto.

A publicación dos sucesivos anuncios efectuarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

5.2. As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida á Alcaldía do Concello seguindo o modelo que figura como ANEXO II ás presentes bases e incluírá unha manifestación de que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

5.3. O prazo para presentar as solicitudes será de **10 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

5.4. Xunto coa instancia debidamente asinada (anexo II) solicitando participar no proceso deberá presentarse, mediante copia, a seguinte documentación na orde que se indica:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou documento válido en dereito que a acredite.
- b) Certificación de aptitude do Celga 2 ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.
- c) Titulación: Certificado de escolaridade ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentaren instancias.
- d) Documentos que acrediten o cumprimento das situacións previstas na base 4.2. da Resolución da Deputación da Coruña pola que se aproban as Bases reguladoras das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL- Concellos 2024), incluídas na liña 1.1 do plan de emprego local publicadas pola Deputación Provincial da Coruña no BOP núm. 206 do 27/10/2023 do seguinte xeito:
 - Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante no ocupado e estar dispoñible para o emprego. Acreditación mediante certificado da oficina de emprego correspondente.
 - Mulleres e persoas maiores de 45 anos. Fotocopia de DNI.
 - Persoas desempregadas de longa duración. Informe de vida laboral actualizado.
 - Persoas con discapacidade. Fotocopia do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente.
 - Persoas en situación de drogodependencia, persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego, persoas en fogar monoparental, persoas con problemas para atopar un emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas vítimas de violencia de xénero e persoas sen fogar. Informe dos servizos sociais municipais.
- f) A relación de méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos.

5.5. En previsión do establecido no artigo 16.4, na disposición transitoria cuarta e na disposición final sétima da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as instancias solicitando participar no proceso dirixiranse ao alcalde do Concello e presentaranse, debidamente cubertas, nalgunha das seguintes formas:

1. Na Oficina de Rexistro do Concello.
2. Nas oficinas de correos, na forma que se estableza regulamentariamente.
3. Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
4. Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.
5. A través da sede electrónica do Concello.

5.6. No caso de achegar a documentación indicada a través das formas previstas na base 5.5., apartados 1, 2, 3 e 4 deberase presentar o modelo de solicitude (Anexo II) debidamente asinado polo interesado, admitíndose copia simple do resto da documentación.

5.7. No caso de achegar dita documentación a través da forma prevista na base 5.5., apartado 5, admitirase a documentación sempre que a instancia (Anexo II) veña debidamente asinada polo aspirante mediante sinatura electrónica, podendo presentarse copia simple do resto da documentación.

As solicitudes que se presenten a través das oficinas de Correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

5.8. As solicitudes que se presenten nalgunha das formas establecidas na base 5.5., apartados 2, 3 e 4, deberán facer saber esta circunstancia ao Concello mediante o envío ao mail do mesmo: correo@boimorto.es da instancia debidamente selada na oficina correspondente. Todo elo, antes do remate do prazo de presentación de instancias.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

6.1. Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, o Alcalde ou a/o concelleira/o delegada/o, ditará resolución aprobando a lista provisoria de admitidos e excluídos, con especificación de apelidos e nome, DNI e, de ser o caso, dos motivos de exclusión.

6.2. Esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

6.3. Os aspirantes omitidos ou excluídos disporán dun prazo de 5 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, para emendar os erros ou os defectos que motivaron a súa omisión ou exclusión.

6.4. Transcorrido o prazo de emenda, o órgano convocante ditará nova resolución aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo e fixando o lugar, data e hora de realización da fase oposición e a composición do Tribunal de selección.

Desde a finalización desta fase ata o comezo da seguinte, correspondente á realización da fase de oposición, deberá transcorrer un prazo mínimo de 24 horas.

6.5. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde ou a/o concelleira/o delegada/o de persoal, poderá elevar a definitiva a lista provisoria na mesma resolución de aprobación, incluído tamén os datos sinalados, segundo o caso, nos apartados anteriores.

6.6. A resolución pola que se aproba a lista definitiva publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

6.7. A publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das restantes probas, así como a lista dos aspirantes aprobados en cada exercicio e de chamamentos aos aspirantes, de selo caso, efectuarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

7. -NOMEAMENTO E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

7.1. O tribunal encargado da cualificación das probas e da supervisión do proceso será nomeado polo Alcalde ou a/o Concelleira/o delegada/o, conforme ao estipulado nos artigos 60 do EBEP, 59 da Lei 9/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais lexislación de aplicación, e a súa composición farase pública consonte co establecido na base anterior.

Estará composto polos seguintes membros e os seus correspondentes suplentes:

- o Presidente (titular e suplente): persoal laboral fixo ou funcionario de carreira pertencente a un corpo, escala ou subescala para ingreso, ou a un grupo ou categoría profesional no caso de persoal laboral, no que se requira titulación igual ou superior á esixida neste procedemento.
- o Secretario (titular e suplente): persoal laboral fixo ou funcionario de carreira pertencente a un corpo, escala ou subescala para ingreso, ou a un grupo ou categoría profesional no caso de persoal laboral, no que se requira titulación igual ou superior á esixida neste procedemento. O secretario actuará como membro do tribunal con voz e sen voto.
- o Vogais (titular e suplente): 3 empregados públicos con contrato laboral fixo ou funcionarios de carreira pertencentes a un corpo, escala ou subescala para ingreso, ou a un grupo ou categoría profesional no caso de persoal laboral, no que se requira titulación igual ou superior á esixida neste procedemento.

7.2. No nomeamento dos membros do Tribunal deberanse respectar as seguintes regras:

- o O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.
- o O persoal de elección e de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte do órgano de selección.
- o A pertenza ao órgano de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

7.3. O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento das persoas especialistas corresponderalle ao Alcalde ou a/o Concelleira/o delegada/o a proposta do Tribunal.

7.4. O Tribunal cualificador tamén poderá propoñer a designación de persoal colaborador, que será resolta por decreto da/o alcalde ou concelleira/a delegada/o competencias na materia, co obxecto de prestar auxilio ao mesmo no desenvolvemento das probas no suposto de que o número de aspirantes convocados así o requira.

8.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

8.1. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, a metade dos seus membros, e, en todo caso, sen asistencia do presidente e secretario.

8.2. Por cada sesión do tribunal levantarase acta, que lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, autorizarase coa sinatura da/o secretaria/o e o visto e prace do presidente.

8.3. Os membros do Tribunal, así como os asesores especialistas designados, terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou se tivesen realizado tarefas de

preparación de aspirantes a probas selectivas, ou houberan colaborado con centros de preparación de opositores, nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria do proceso que regulan estas bases.

O presidente poderá solicitar dos membros do Tribunal e dos asesores especialistas declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base conforme ao precepto citado no parágrafo anterior.

Ante a renuncia, abstención, aceptación da recusación ou calquera outra circunstancia similar que afecte a un dos membros do Tribunal, o órgano competente procederá á designación dun novo membro que substitúa ao anterior.

8.4. Por resolución do Alcalde ou a/o Concelleira/o delegada/o nomearanse aos novos membros do Tribunal que substituirán ás persoas que perdesen tal condición por algunha das causas mencionadas anteriormente. Esta resolución farase pública no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

8.5. En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar, que teñan superado as probas selectivas, un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.

8.6. Os membros do Tribunal, así como, aqueles asesores especialistas que nomee, terán dereito ao abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. No caso de que os membros do Tribunal sexan traballadores municipais, unicamente percibirán dietas, en tanto as reunións se realicen fora da xornada laboral. As indemnizacións do persoal administrativo colaborador, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

8.7. Os acordos adoptados polo tribunal cualificador poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o órgano competente na materia termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

9.- FASES DE CONCURSO E OPOSICIÓN.

9.1. FASE DE CONCURSO – 8 puntos

Esta fase constará da cualificación dos méritos axustándose ós criterios que establece o Anexo I destas bases.

O baremo de méritos cualificarase sobre un total de 8,00 puntos.

9.2. FASE DE OPOSICIÓN – 12 puntos

Esta fase constará dunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio, na que haberá que realizar un exercicio práctico consistente na realización dalgunda tarefa relacionada coas funcións do posto de traballo de peón: desbroces, uso e mantemento de maquinaria e ferramenta, medidas de seguridade, recollida de lixo, etc.

Durante a realización da proba práctica o Tribunal poderá formular as preguntas que considere oportunas para unha mellor valoración das capacidades do aspirante.

Valoración de 0 a 12 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 6 puntos. A puntuación será motivada polo nivel de coñecementos, axilidade/destreza e aspectos prácticos.

Concluída a fase de oposición o Tribunal cualificador fará pública a relación de aspirantes que o superasen, coa indicación da puntuación obtida, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello. Os aspirantes non incluídos na lista terán a consideración de <<non aptos>> e, polo tanto, quedarán eliminados do proceso selectivo.

Posteriormente, o Tribunal cualificador procederá a baremación de méritos da fase de concurso dos aspirantes que teñan a consideración de << aptos>>.

O Tribunal queda facultado para determinar a duración das probas e resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde do concurso oposición naqueles aspectos previstos ou non nestas bases, sendo en todo caso aplicable para o non previsto nas presentes bases.

10.- PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

10.1. Para o caso de non acreditar estar en posesión do certificado de lingua galega 2 (Celga 2) ou equivalente, os participantes deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que comprenden, falan e escriben o galego, cualificándose esta proba de <<apto>> ou <<non apto>>.

10.2. Este exercicio realizarase a fase de oposición, de forma que os aspirantes que se atopen nas circunstancias do apartado anterior serán chamados para a realización desta proba na forma sinalada na base 6.7.

10.3. Esta proba constará de 10 preguntas, das que 5 consistirán na tradución do castelán ao galego dun texto composto por un número máximo de corenta palabras cada unha delas, e as outras 5 preguntas consistirán na contestación a un cuestionario tipo test con catro respostas alternativas das que só unha será a correcta.

10.4. Para a realización desta proba disporase dun tempo máximo de 30 minutos.

10.5. A cualificación será de <<Apto>> ou <<Non apto>>. Para obter a cualificación de apto será preciso contestar correctamente a un mínimo de cinco preguntas.

10.6. A proba terá carácter eliminatorio, de forma que as persoas aspirantes que non a superen quedarán excluídos do proceso.

10.7. Esta proba realizarase aos aspirantes, respecto dos cales sexa necesario, no lugar, data e día que se mediante anuncio que se practicaré na forma establecida na base 6.7.

11.- PUNTUACIÓN FINAL DOS ASPIRANTES.

11.1. A puntuación final dos aspirantes virá determinada pola puntuación outorgada na fase de concurso e oposición.

Para formar parte da bolsa de traballo, ademais de obter a puntuación mínima sinalada na fase de oposición, o candidato deberá acreditar estar en posesión do título do Celga 2 ou equivalente, ou ben haber superado coa cualificación de <<Apto>> a proba de coñecemento da lingua galega establecida na base 10.

11.2. Unha vez calculada a puntuación final de cada aspirante, o Tribunal elaborará unha listaxe coa relación de aprobados baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, e que constituirán no seu caso a proposta de aprobación da bolsa de traballo que se formulará ao órgano competente.

11.3. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes acudirse aos seguintes criterios ata que se resolva:

- O empate resolverase polo primeiro apelido que comece pola letra "H", seguindo o resultado do sorteo feito público por Resolución do Conselleiro de Facenda e Administración Pública, do 31 de xaneiro de 2024, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia, número 29, do 9 de febreiro de 2024. No suposto de que non exista aspirante ningún co primeiro apelido que comece pola letra "H" pasarase á letra seguinte e así sucesivamente.

En defecto, de todo o anterior, o empate resolverase por sorteo cuxa realización se anunciará, para a posible presenza dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado cunha antelación mínima de corenta e oito (48) horas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

11.4. En tanto non se formalice o nomeamento e non se incorpore ao posto de traballo, os aspirantes que pasen a formar parte da Bolsa de Traballo non terán dereito a prestación económica algunha.

12.- FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO. PROCEDIMENTO DE CHAMAMENTO E RENUNCIA.

12.1. Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de traballo para os futuros nomeamentos que resulten necesarios e urxentes.

12.2. Por decreto da Alcaldía ou concelleira/o delegado con competencias na materia, a proposta do Tribunal cualificador, aprobarase a bolsa de traballo cos aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de maior a menor puntuación, indicando a que obtivo cada un deles. Dita aprobación publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

12.3. O chamamento e nomeamento do persoal efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de traballo, de xeito que cando se deba proceder á cobertura temporal ofertaráselle o posto de traballo ao primeiro aspirante da lista.

Así, no caso de producirse a necesidade de prover un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas, requirirase á ou ás persoas incluídas na listaxe coas maiores puntuacións, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore ao mesmo.

Aos efectos de aplicación deste apartado haberá que ter en conta o disposto no apartado 1.1 das presentes bases de selección.

12.4. Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle fará requirimento, indicándolle o número de orde no que se atopa na prelación establecida polo Tribunal, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non formalicen o contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación á que se refire a base 13.1, ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase aos seguintes na lista.

Dito requirimento será realizado de forma telefónica, efectuando un máximo de dous intentos no mesmo día e a distinta hora en xornada de mañá, con posibilidade de practicar un terceiro chamamento ao día seguinte cando así o dispoña o órgano competente, deixando informe desta actuación un traballador funcionario ou laboral fixo do Concello.

De non ser localizado o primeiro integrante da lista, procederase a chamar aos seguintes aspirantes.

A falta de contestación telefónica dun candidato da lista para a súa incorporación non será considerada como renuncia, conservando o seu posto na mesma para as próximas incorporacións.

12.5. O integrante da bolsa que resulte contratado para a cobertura dun posto de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu nomeamento co concello volverá causar alta no posto que viña ocupando na mesma que lle corresponde en relación cos puntos obtidos no proceso selectivo.

12.6. A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de traballo, salvo que concurra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Situación de incapacidade temporal.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- Contrato de traballo ou alta en actividade empresarial ou profesional.
- Causa de forza maior que sexa apreciada con tal carácter.

Todas estas circunstancias deberán acreditarse cos documentos oficiais correspondentes.

12.7. Feito o chamamento mediante requirimento, a renuncia ao posto de traballo farase de forma expresa. Para elo, o aspirante comunicará a súa renuncia ao posto nun intervalo máximo de 48 horas desde que se produce o chamamento, indicando, de selo caso, a causa que a motiva a fin de determinar se concorre nun dos supostos establecidos na cláusula 14.6 ou 14.8.

Se o aspirante non realiza dita comunicación no tempo indicado, deixarase informe desta incidencia polo traballador funcionario ou laboral fixo do Concello e procederá a chamar aos seguintes aspirantes.

12.8. A exclusión dun aspirante da bolsa de traballo poderá producirse por algún dos seguintes supostos:

- Solicitude expresa.
- Por rexeitamento de oferta de traballo adecuada por causa non xustificada.
- Por falta de incorporación ao seu posto de traballo trala aceptación da oferta por causa non xustificada.
- Ser sancionado, con carácter firme, por unha falta tipificada como grave/moi grave.
- A falta de comunicación da renuncia no modo establecido.

13.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DE CONTRATO.-

13.1. Feito o chamamento mediante o correspondente requirimento e antes de proceder ao acordo de nomeamento e formalización do contrato, no prazo de tres (3) días naturais contados a partir do día seguinte ao da data do requirimento, a persoa aspirante que obtivera a mellor puntuación deberá presentar a seguinte documentación mediante orixinal ou copia debidamente autenticada:

1. Documento nacional de identidade, pasaporte ou documento oficial válido en dereito que a acredite.
2. Certificación de aptitude do Celga 2 ou superior ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente, excepto para os que tivesen que realizar e superasen a proba de coñecemento da lingua galega establecida na base 11.
3. Título de Certificado de escolaridade ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentaren instancias.
4. Documentación xustificativa do requisito esixido no apartado A. (Base 4ª).
5. Documentación xustificativa dalgún dos requisitos esixidos no apart.B. (Base 4ª).
6. Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que o aspirante posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo ao que concorre. Esta certificación non poderá ter unha antigüidade superior aos tres meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación desta documentación.
7. Os méritos alegados para o concurso.

13.2. Esta documentación presentarase nalgunha das formas establecidas na base 5.5.

1. No caso de achegar a documentación indicada a través das formas previstas na base 5.5., apartados 1, 2 e 3, só se admitirá a mesma en formato orixinal, copia compulsada, copia compulsada dixitalmente ou copia auténtica ou documento asinado dixitalmente que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

As solicitudes que se presenten a través das oficinas de Correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

2. No caso de achegar dita documentación a través da forma prevista na base 5.5., apartado 5, admitirase a documentación que se acredite mediante a achega de copia auténtica, documento electrónico orixinal ou que conteñan un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

As/os aspirantes que presenten copias auténticas deberán facelo cos requisitos e conforme á regulación establecida no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

3. No caso de achegar dita documentación a través da forma prevista na base 5.5., apartado 4, admitirase indistintamente a documentación que se achegue dalgunha das dúas formas anteriores, podendo facerse na forma do apartado anterior cando os rexistros electrónicos sexan interoperables e permita transmitir telemáticamente os asentos rexistrados e os documentos que se presenten.

13.3. Se a persoa coa puntuación máis alta no proceso, dentro do prazo indicado, agás supostos de forza maior debidamente acreditados, non presenta a documentación ou da análise da mesma extráese que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 4, non poderá ser nomeada e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude inicial. Neste suposto procederase do mesmo xeito coa seguinte persoa coa maior puntuación.

13.4. Cumprido o requisito anterior da documentación indicada o órgano competente procederá no seu caso a acordar o nomeamento da persoa proposta, facéndose público este acordo tamén no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

13.5. O interesado deberá formalizar o contrato no prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da publicación do acordo de nomeamento no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

14.- VIXENCIA DA BOLSA DE TRABALLO.

14.1. En todo caso, a bolsa de emprego resultante do proceso selectivo que regulan estas bases terá unha vixencia de tres anos a contar desde a súa publicación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello da constitución da mesma ou ata a constitución dunha nova bolsa de emprego da mesma categoría profesional.

14.2. Queda condicionada a súa utilización ao que resulte da aplicación das Bases de Execución do Orzamento, así como da lexislación estatal relativa á contratación de persoal laboral temporal.

15.- NORMA FINAL.

15.1. Estas bases vincularán ao Concello, ao Tribunal cualificador e as persoas aspirantes que participen no proceso selectivo. Así mesmo, dado que as publicacións e anuncios serán expostas nos termos indicados no clausulado precedente, entenderase que os/as aspirantes, no momento da presentación de instancia, asumen a publicidade de datos persoais (nome, apelidos, cualificacións dos exercicios, etc). A restante información, de carácter persoal,

quedará reservada ao expediente interno de selección e protexida segundo o establecido polo estipulado na lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

15.2. Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, poderán ser impugnadas con carácter potestativo polos interesados mediante a interposición de recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación do anuncio no BOP; ou ben directamente, mediante recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contado dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

ANEXO I.- Baremo de méritos para valorar o concurso praza PEÓN (Máximo 8 puntos)

A) Experiencia profesional ou servizos prestados (máximo 5 puntos)

Por servizos prestados en calquera Administración Pública ou empresa privada coa categoría de peón (xardinería, albanelería, recollida de residuos, limpeza viaria ou forestal): 0,10 puntos/mes, ata un máximo de 5 puntos.

Este mérito acreditarase mediante copia de contratos de traballo ou certificado de empresa no que consten as tarefas desempeñadas, IAE (alta e actualización) no caso de traballadores autónomos e informe de vida laboral ano 2021 actualizado sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada. Non se computarán as fraccións de mes nin días soltos.

B) Formación (máximo 3 puntos)

- Cursos de formación, ata un máximo de 3 puntos:

Cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha Administración Pública ou entidade pública ou homologadas por elas:

- De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.
- De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
- De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver (punto 3 anexo documentación das bases do plan de emprego local mediante a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia Pel- Concellos 2024 publicadas pola Deputación Provincial da Coruña no BOP núm. 206 do 27/10/2023):

- De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.
- De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.

- De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, valoraranse con 0,05 puntos por curso.

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NA FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL COMO PEÓN DO CONCELLO DE BOIMORTO.

APELIDOS E NOME:

DNI:

ENDEREZO:

Rúa: Nº: Escaleira:

Piso:

Porta:

Código Postal:

Municipio:

Provincia:

Teléfono de contacto:

Tendo coñecemento da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia número..... de data..... /... /..... ,

1) SOLICITO tomar parte no devandito procedemento selectivo de peóns.

2) DECLARO:

- o Que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e os sinalados na correspondente convocatoria.
- o Non ter sido separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. E no suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- o Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

3) ACHEGO orixinal ou copia dos seguintes documentos:

- o Documento nacional de identidade ou pasaporte.

- o Certificado de escolaridade ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentaren instancias.
- o Certificación de aptitude do Celga 2 ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.
- o Documentación xustificativa do requisito esixido no apartado A. (Base 4ª).
- o Documentación xustificativa dalgún dos requisitos esixidos no apartado B. (Base 4ª).
- o Méritos de concurso.

Lugar, data e sinatura.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BOIMORTO

SEGUNDO.- Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e Boletín Oficial da provincia anuncio indicativo deste procedemento de selección.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo que pon fin a via administrativa, pode interponer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, **recurso de reposición** no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso potestativo de reposición tera que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo pode interponer **recurso contencioso-administrativo**, perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou o da notificación do presente acordo. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

Decreto un a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ